**ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DA FONSAGRADA DA ESTRADA LU-730, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO**

## COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Carlos López López, na súa condición de alcalde do Concello da Fonsagrada, en representación desta entidade.

## EXPOÑEN

O 16 de abril de 2026, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Fonsagrada asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo o arranxo da estrada LU-730 dende o p.q. 0+000 ata a intersección coa estrada LU-530. Este convenio recolle o compromiso do concello de aceptar o cambio de titularidade da estrada autonómica LU-730 (rolda da Fonsagrada), no treito comprendido entre o p.q. 0+070 e o p.q. 0+550, na intersección coa estrada LU-530 (avenida de Galicia). Queda exceptuado desta transferencia o treito da LU-730 (p.q. 0+000 - p.q. 0+070), que se corresponde co nó viario coa LU-530, o cal pasará a formar parte do dominio público viario da estrada LU-530.

A estrada LU-730 carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P336wfIJtI51 https://sede.xunta.gal/cve

Mediante o Decreto 45/2026, do 11 de maio, (DOG núm.97 mércores 27 de maio de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello da Fonsagrada da estrada LU-730, xunto co seu dominio público viario.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 45/2026, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

**ACORDAN**

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello da Fonsagrada da estrada LU-730 que se especifica a continuación, xunto co seu dominio público viario:

| Estrada | Denominación | $PQ_i$ | Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29N) | $PQ_f$ | Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29N) | Lonx. (m) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LU-730 | Rolda da Fonsagrada | 0+070 | X= 657.094<br>y= 4.776.170 | 0+550 | X= 657.192<br>y= 4.776.618 | 481 |

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez*

*O alcalde do Concello da Fonsagrada, Carlos López López*

**ANEXO I . PLANOS**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P336wfIJtI51 https://sede.xunta.gal/cve
**Asinado por:** BORRAJO SANCHEZ, YAGO
**Cargo:** Secretario Xeral Técnico
**Data e hora:** 10/06/2026 09:11:56




| P.K. ou Inicio/Final da transferencia | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|
| Inicio Pk 0+070 LU-730 | 657.094 | 4.776.170 |
| Final Pk 0+550 LU-730 | 657.192 | 4.776.618 |

| Nº | Treito transferencia | Lonx.(m) |
|---|---|---|
| 1 | LU-730: Rolda da Fonsagrada, na súa totalidade, Pks 0+070 a 0+550 | 481 |

**Cambio de titularidade da LU-730 na súa totalidade (Pks 0+070 a 0+550), conforme a Convenio de colaboración AXI-Concello da Fonsagrada de 16/04/2026**

- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario transferido anteriormente a Concello
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

UTM ETRS89 huso29

Cartografía IGN © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P336wfIJtI51 https://sede.xunta.gal/cve




| P.K. ou Inicio/Final da transferencia | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|
| Inicio Pk 0+070 LU-730 | 657.094 | 4.776.170 |
| Final Pk 0+550 LU-730 | 657.192 | 4.776.618 |

| Nº | Treito transferencia | Lonx.(m) |
|---|---|---|
| 1 | LU-730: Rolda da Fonsagrada, na súa totalidade, Pks 0+070 a 0+550 | 481 |

**Cambio de titularidade da LU-730 na súa totalidade (Pks 0+070 a 0+550), conforme a Convenio de colaboración AXI-Concello da Fonsagrada de 16/04/2026**

- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

JTM ETRS89 huso29

Cartografía OSM © Open Street Maps

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: P336wfIJtI51 https://sede.xunta.gal/cve




| P.K. ou Inicio/Final da transferencia | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|
| Inicio Pk 0+070 LU-730 | 657.094 | 4.776.170 |
| Final Pk 0+550 LU-730 | 657.192 | 4.776.618 |

| Nº | Treito transferencia | Lonx.(m) |
|---|---|---|
| 1 | LU-730: Rolda da Fonsagrada, na súa totalidade, Pks 0+070 a 0+550 | 481 |

**Cambio de titularidade da LU-730 na súa totalidade (Pks 0+070 a 0+550), conforme a Convenio de colaboración AXI-Concello da Fonsagrada de 16/04/2026**

- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

UTM ETRS89 huso29

PNOA Agosto 2023 IGN © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

**Asinado por:** LOPEZ LÓPEZ, CARLOS
**Cargo:** Alcalde Concello da Fonsagrada (Concello da Fonsagrada)
**Data e hora:** 09/06/2026 12:33:28

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
**CVE:** P336wflJtl51 https://sede.xunta.gal/cve